

ACTA MESA CONTRATACION

CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DO CEMITERIO DE MASCOTAS NA PARCELA ANEXA AO CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN FROILÁN. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2024/C002/000004. Apertura de arquivo único de declaracións responsables e oferta.

Sendo as 9:45 horas do día 29 de agosto de 2024, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana Tabares Martinez, técnico do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Lugo e actuando como vocais:

- don Luis Ramón Vázquez Parga, Interventor do Concello de Lugo.
- don Justo Díaz Rodríguez, Vicesecretario do Concello de Lugo.
- don Manuel Louzao Aldariz, titular da Asesoría Xurídica do Concello de Lugo.
- dona Mónica González, enxeñeira do servizo de Enxeñería.

E actuando como Secretaria dona Eva Díaz López, Técnica do servizo de contratación do Concello de Lugo.

Asisten ao acto público, previa solicitude de invitación mediante correo electrónico dirixido a contratacion@lugo.gal da correspondente contrasinal de entrada a reunión as seguintes persoas:

- don Carmen Vázquez pola APEC, conectado mediante ZOOM.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte da Secretaria da mesa para dar conta aos seus membros da listaxe de licitadores que presentaron oferta de forma telemática a través da plataforma Electrónica LECOL do Concello de Lugo:

- URBACONSA LUGO.
- XARDINOR SL.
- OGALIA CONTRATAS SLU.

Procédese á apertura do arquivo único, advertindo que na plataforma de licitación electrónica Lecol se permitu a súa presentación en dous sobres diferentes, o sobre A comprensivo da declaración responsable e anexo I - no que se inclúe a oferta económica-, e sobre C comprensivo tamén da oferta económica segundo o modelo do Anexo I.

Comprobase que a documentación correspondente ás declaracións responsables son correctas, polo que a Mesa acorda admitir á dita licitación ás ditas empresas, advertindo que os tres licitadores achegaron con estas declaracións a súa oferta económica sendo o seu resultado o seguinte:

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: Acta mesa 29 de agosto

Asunto:

1) URBACONSA LUGO comprometése á execución do contrato conforme á seguinte **oferta:**

Prezo sen IVE: 123.671,60 euros.

IVE (21%): 25.971,04 euros.

Prezo total IVE incluído: **149.642,64 euros.**

2) XARDINOR SL comprometése á execución do contrato conforme a seguinte **oferta:**

Prezo sen IVE: 118.525,00 euros.

IVE (21%): 24.890,25 euros.

Prezo total IVE incluído: **143.415,25 euros.**

3) OGALIA CONTRATAS SLU comprometése á execución do contrato conforme a seguinte **oferta:**

Prezo sen IVE: 117.000euros.

IVE (21%): 24.570 euros.

Prezo total IVE incluído: **141.570 euros.**

A Mesa de Contratación comproba que dentro do denominado sobre C de Lecol - no que se tería que incluír a oferta económica- os licitadores non achegaron documentación algunha, ao estar xa aportada no sobre A.

Téndose establecido no prego de cláusulas administrativas particulares parámetros obxectivos para a determinación de ofertas anormalmente baixas conforme ó artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, do Regulamento da Lei de Contratos, procedese a realizar as oportunas comprobacións resultando que **non existe oferta incurso en presunción de temeridade.**

Á vista do cal a Mesa de Contratación selecciona como oferta máis vantaxosa á oferta presentada pola mercantil **OGALIA CONTRATAS SLU** co **NIF B27503937.**

Compróbase de oficio polo Servizo de Contratación que a dita empresa está inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores y empresas clasificadas do Estado (ROLECE) e no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que poden acreditarse parte dos requisitos esixidos, en particular, que ten obxecto social, poder de representación, que se atopa ao corrente do pago das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, asemade consta de alta no IAE.

1º.- Constitución de **garantía definitiva por un importe de 5.850,00 euros**, a cal se poderá prestar nalgunha das formas sinaladas no artigo 108 da LCSP, isto é:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na Lei.

** Para proceder ó pagamento deste importe realizarase ingreso ou transferencia bancaria nas entidades financieras e contas que a continuación se relacionan indicando claramente o concepto (Garantía Definitiva) e o nome do procedemento de contratación e obxecto do contrato.*

ABANCA: ES59 2080 0101 563110000947
CAIXABANK: ES08 2100 5850 070200014045
BANCO SABADELL: ES35 0081 2141 660001024611
CAIXA RURAL GALEGA: ES73 3070 0001 256070473522

Un xustificante desta transferencia ou ingreso deberá presentarse xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

AVISO: No caso de que a garantía definitiva se presente **aval ou seguro de caución**, o orixinal destes documentos **presentarase presencialmente** nas Oficinas Municipais do Servizo de Contratación (Edificio administrativo, Ronda Muralla 197 3º andar) antes do final do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación. Ademais, a copia do devandito aval ou seguro deberá remitirse, co resto da documentación requirida, a través da sede electrónica.

Por parte da Tesourería Municipal se indica a necesidade de que os avais e seguros de caución estean asinados de modo manuscrito polas dificultades de custodia dos documentos electrónicos nos que a impresión non ten validez e ante a posibilidade de que o avalado/asegurado inste a cancelación ante a entidade avalista/aseguradora sen coñecemento previo e autorización do Concello.

2º.- Acreditación da solvencia económica e financeira conforme á cláusula 6.1 do prego de cláusulas administrativas.

Co volumen anual de negocios (cifra de negocios por importe neto que se reflecta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio

CONTRATAÇÃO E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: Acta mesa 29 de agosto

Asunto:

dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 188.000 euros, IVE excluído.**

Para a acreditación deste volume anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro ou ben copia das contas anuais presentadas xunto coa declaración xurada responsable do contratista de que esas contas anuais son as depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda. Tamén poderá acreditarse mediante certificación da AEAT comprensiva do importe neto da cifra de negocios.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil ou ben mediante certificación da AEAT comprensivo do importe neto da cifra de negocios.

3º.- Acreditación da solvencia técnica e profesional á cláusula 6.2 do prego de cláusulas administrativas.

Experiencia na realización de **obras similares as deste contrato** por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos que sexa igual ou superior a **88.000 euros, IVE excluído.**

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos servizos realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario xunto cos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación, de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

A comprobación de atoparse ao corrente nos deberes tributarios co Concello de Lugo–referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello de Lugo, esta circunstancia supoñería unha falsedade na súa declaración responsable que impediría realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

Lémbbraselle que a autorización concedida por vostede ao órgano de contratación para obter os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios só se realiza a efectos da comprobación da veracidade das declaracións realizadas, polo que deberán presentar en prazo toda a documentación requirida.

4º.- Acreditación de atoparse ao corrente no pagamento do IAE coa presentación do último recibo deste imposto (exercizo 2023) xunto a unha **declaración responsable de non terse dado de baixa** no epígrafe correspondente do IAE.

Igualmente se lle lembra que:

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ao contrato deberá presentarse, con carácter previo á formalización do contrato administrativo, certificación da Compañía de Seguros conforme o modelo que establece a cláusula décimo novena do PCAP que rexeu nesta licitación (RESPONSABILIDADE DOS CONTRATISTAS), conforme ao seguinte modelo:

A Compañía de Seguros con NIF CERTIFICA:
1.- Que a empresa con NIF ten contratada con esta compañía a póliza de seguro co número con efecto dende o día..... e vencemento e que se atopa ao corrente do seu pagamento.
2.- Esta póliza de seguro ten as seguintes coberturas e límites/sublímites <input type="text" value="Responsabilidade civil."/>
3º.- Este seguro cubre a responsabilidade civil pola actividade obxecto do contrato consistente en <input type="text" value="Realización de obras civís."/>

Advírteselle que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose no seu caso a recadar a mesma documentación ó licitador seguinte, polo orden no que teña quedado clasificadas as ofertas, segundo establece o sinalado artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público.

O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que contra a decisión da Mesa de Contratación de admisión de licitadores poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 10:00 horas.

A PRESIDENTA, (sinatura dixital)

A SECRETARIA, (sinatura dixital)

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/edl

Ref: Acta mesa 29 de agosto

Asunto:

Ana Tabarés Martínez

Eva Díaz López